

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería e Recadación

Recadación da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local na súa modalidade domiciliaria (uso doméstico), correspondente ao exercicio 2026

ANUNCIO

PERÍODO VOLUNTARIO

Por Resolución do Concelleiro Responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 13 de marzo de 2026, sinalouse o período de cobramento en voluntaria da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local na súa modalidade domiciliaria (uso doméstico), correspondente ao exercicio 2026, cuxa recadación lle cómpre á Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA):

Período de cobro:

- 1º Trimestre: dende o 23 de marzo ata o 30 de xuño de 2026.
- 2º Trimestre: dende o 20 de abril ata o 31 de agosto de 2026.
- 3º Trimestre: dende o 20 de xullo ata o 30 de novembro de 2026.
- 4º Trimestre: dende o 20 de outubro de 2026 ata o 25 de febreiro de 2027.

Lugar de pago: Os obrigados ó pago poderán abonar a taxa en:

- Oficinas da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, SA (EMALCSA).
- Conta/-s bancaria/-s de EMALCSA nas entidades financeiras ABANCA e Banco Sabadell.
- En caixeiros da rede Servicaixa 24 horas.

Débito por domiciliacións: O cobramento en voluntaria das liquidacións correctamente domiciliadas farase a través das respectivas Entidades Financeiras domiciliarias.

Forma de pago:

- O pagamento nas oficinas de EMALCSA poderá facerse en metálico ou mediante tarxeta ou na páxina web www.emalcsa.es
- O pagamento a través das entidades financeiras ABANCA e Banco Sabadell poderá facerse empregando calquera das modalidades que estas teñan dispoñibles.
- O pago nos caixeiros da rede Servicaixa 24 horas pode realizarse a calquera hora e con tarxetas de calquera entidade.

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e artigo 96 e seguintes da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

A Coruña, 16 de marzo de 2026

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas